

Naya Amil, José Gerardo Fernández Bragado e Carlos Vicente Parrado Garea como vocais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías eleva ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como benéfico-social da *Fundación José Ron Neira*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como benéfico-social e á súa adscrición á Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 26 de maio de 2003.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e a Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como benéfico-social a *Fundación José Ron Neira* e adscribila á Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2003.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de xuño de 2003 pola que se regula transitoriamente o nomeamento de determinados directores e demais membros dos equipos directivos de centros escolares públicos.

No capítulo VI do título V da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (LOCE) modifícase substancialmente o procedemento para o nomeamento dos directores dos centros docentes públicos de ensino escolar, establecéndose que se fará mediante concurso de méritos entre profesores funcionarios de carreira dos corpos do nivel educativo e réxime ó que pertenza o centro.

Dado que a aplicación do novo procedemento require un prazo adecuado para desenvolve-lo disposto pola LOCE, establécese, no punto 1 da disposición transitoria primeira da devandita lei, que a duración do mandato do director e demais membros do equipo directivo dos centros públicos nomeados con anterioridade á entrada en vigor dela será a que corresponda á normativa vixente no momento do seu nomeamento e, no punto 2 da citada disposición transitoria, que as administracións educativas poderán prorrogar, por un período máximo dun ano, o mandato dos directores e demais membros do equipo directivo dos centros públicos dos que a súa finalización se produza no ano natural de entrada en vigor da citada lei.

En consecuencia, en uso da atribución outorgada polo punto 2 da disposición transitoria primeira da LOCE, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

1. Con carácter xeral, os delegados provinciais procederán a prorrogar por un ano os nomeamentos dos directores e demais membros dos equipos directivos que rematen o seu mandato o 30 de xuño de 2003.

2. En calquera caso, os nomeamentos que se fagan por finalización de mandato na data indicada no punto anterior estenderanse con efectividade do 1 de xullo de 2003 e ata o 30 de xuño de 2004.

Artigo 2º

No caso de que, durante este período transitorio, houbera que substituí-lo director ou a calquera membro do equipo directivo, procederase de acordo co establecido con carácter xeral nos correspondentes regulamentos orgánicos: Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, aprobado polo Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e Regulamento

orgánico dos centros públicos integrados, aprobado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Persoal, e de Centros e Ordenación Educativa, para dicta-las disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2003.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 11 de xuño de 2003 pola que se establecen as medidas necesarias para a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, do programa de abandono voluntario e definitivo da produción leiteira para o período 2003/2004.

Os programas de abandono indemnizado da produción leiteira están concibidos co fin de servir de elemento de reordenación do sector leiteiro, destinado a estimular a modernización do sector e a súa adecuación ós mercados cada vez máis competitivos.

Estes programas facilitan a acomodación e reordenación deste sector productivo eliminando as súas deficiencias estruturais e favorecendo a incorporación dos produtores novos ás explotacións leiteiras.

Nesta perspectiva e no marco da normativa comunitaria que resulta de aplicación, basicamente os regulamentos 3950/1992, do Consello, que establece unha taxa suplementaria no sector do leite e os produtos lácteos, así como o 536/1993, da Comisión, no que se recollen as disposicións de aplicación do anterior, o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, configura unha serie de medidas tendentes á modernización e mellora da competitividade no sector lácteo, no uso das atribucións que, con base no principio de subsidiariedade, os estados membros poden adoptar en relación coas medidas estruturais na agricultura. Neste real decreto, establécense, entre outras medidas, no seu capítulo II, sección 1ª, programas nacionais de abandono, facultando na súa disposición derradeira terceira, ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar cantas

disposicións sexan necesarias para a súa aplicación e desenvolvemento.

Neste senso, a orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) do 3 de xuño de 2003 (BOE nº 135, do 6 de xuño), establece as características básicas deste novo programa nacional de abandono para o presente exercicio, -para unha cantidade máxima de 29.500 toneladas-, en relación coa dotación financeira e importe da indemnización, entre outras.

Das cantidades totais de cota indemnizada liberadas por este plan de abandono, un 80% destinarase na propia Comunidade Autónoma ó fondo nacional coordinado de cotas lácteas. A metade destas cantidades repartirase como fondo nacional coordinado de cotas lácteas e o outro 50% como asignación complementaria de acordo coas condicións establecidas no capítulo III do devandito real decreto.

Esta regulamentación dispón, tamén, que a tramitación e resolución das solicitudes presentadas polos gandeiros, así como o pagamento das correspondentes indemnizacións, serán efectuadas polos órganos competentes da Administración autonómica respectiva, en función do lugar onde estean situadas as explotacións, polo que, a través da presente orde, cómpre determina-los órganos competentes e o procedemento de tramitación, con base no establecido na normativa interna de distribución de competencias.

Tendo en conta a acollida que os programas nacionais de abandono establecidos nos períodos procedentes tiveron na Comunidade Autónoma de Galicia, e considerando que persiste a necesidade de continuar con estas accións, cómpre pór en marcha para o actual período 2003/2004 un novo plan de abandono voluntario, definitivo e indemnizado de produción leiteira.

Ó abeiro do disposto no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, correspóndelle á Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria a execución da política da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no que se refire á xestión das cantidades de referencia de leite das explotacións situadas en Galicia, sendo o Servicio de Axudas Estructurais da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias a unidade administrativa encargada da dita xestión.

De acordo con todo o anterior, na presente orde desenvólvese o xa citado real decreto en canto á instrumentación do sistema de xestión do programa de abandono indemnizado, voluntario e definitivo da produción leiteira na campaña 2003/2004.

Polo tanto, de acordo co disposto no artigo 30.3º do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de xaneiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,